REVISTA INFORMATIVA TRIMESTRAL

DOWN Galicia



Down Galicia edita un libro d'Os Bolechas para a inclusión na infancia

As persoas coa síndrome de Down, no vindeiro grupo de vacinación

Consulta a Guía de Orientación académica e profesional actualizada

ESPECIAL 21M: ACTO VIRTUAL PARA SEGUIR REIVINDICANDO

"Merecemos as mesmas oportunidades para poder demostrar a nosa valía"

Adeus ao copago farmacéutico en menores con discapacidade. Contámoscho!

Número 20 - Abril 2021

ÍNDICE

21M: Acto virtual e accións locais para sensibilizar 3

21M: Iluminación nos monumentos das 7 cidades galegas 15

21M: Os calcetíns desparellos, unha acción global 19

21M: Implicación de Renfe, CRTVG e os xornais galegos 21

21M: Éxito solidario da botella con La Voz de Galicia 23

Persoas coa síndrome de Down, seguintes na vacinación 25

Down Galicia edita un libro d'Os Bolechas 27

Actualizada a Guía de Orientación 2021 29

Adeus ao copago en menores con discapacidade 31

A Federación demanda inclusión no Día da Educación 33

Máis noticias? 37

Séguenos! 38

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación

Cristobal, de Teima Down Ferrol, cociñando

Sergio e Fátima, de Down Lugo, imaxe da campaña do 21M

ESPECIAL 21M

ACTO VIRTUAL E ACCIÓNS LOCAIS PARA MANTER AS REIVINDICACIÓNS EN MOMENTOS DE PANDEMIA

Un acto virtual baixo o título #TanDiferentesComolguais foi a opción escollida polo Movemento Down en Galicia para conmemorar un novo Día Mundial da Síndrome de Down en tempos de pandemia. Nun evento que mesturou unha parte lúdica e outra institucional, as persoas con trisomía 21 foron, unha vez máis, as verdadeiras protagonistas, reclamando novamente os seus dereitos e defendendo a riqueza dunha sociedade diversa e plural.

"Merecemos as mesmas oportunidades que o resto da sociedade e que nos deixen desenvolver as nosas capacidades. Queremos vivir nunha sociedade que respecte a diversidade e que inclúa a todas e todos, sen excepción", demandaron.

Para conducir este acto conmemorativo, a Federación Down Galicia tivo a sorte de poder contar con Irene Rodríguez-Toubes e David Aldrey, dous mozos membros do Movemento Down que foron dando paso ás distintas actuacións e persoas convidadas neste evento tan atípico.

Paralelamente, algunhas entidades galegas tamén realizaron varias accións de sensibilización e reivindicación, tal e como explicamos nas vindeiras páxinas.

Mensaxes institucionais no evento virtual

A benvida correu a cargo de **Delmiro Prieto González**, presidente de Down Galicia, que comezou a súa intervención aclarando que "o Día Mundial da Síndrome de Down é un día de celebración, pero tamén de reivindicación daqueles dereitos que, por un motivo ou outro, se ven vulnerados". Nesta ocasión, o presidente de Down Galicia quixo poñer o foco do seu discurso na educación, da que dixo que "ou é inclusiva ou non é educación" e destacou que "unha sociedade que mira ao futuro non pode permitirse vivir máis tempo nunha situación de segregación ou de exclusión educativa". Prieto rematou a súa participación no evento dando as grazas a todas as persoas asistentes e, sobre todo, ás persoas coa síndrome de Down, por ser quen empurra e traballa para cambiar o seu destino.

O acto tamén contou coa intervención do presidente da Xunta de Galicia, **Alberto Núñez Feijóo**, quen destacou o esforzo diario amosado polas persoas coa síndrome de Down e as súas familias, de quen dixo que son "un exemplo a seguir para toda Galicia nun momento onde necesitamos referentes de superación" e salientou que "o que realmente limita non son as supostas discapacidades, senón os prexuízos". Feijóo remarcou que "nin sequera a pandemia logrou frear un proceso imparable: que as persoas coa síndrome de Down conquisten cada vez máis espazos da nosa sociedade" e que "todos estes avances chegan para quedarse".

Discurso de Delmiro Prieto

Discurso de Alberto Núñez Feijóo

Orquesta Cinema - 'Quero ser coma ti'

Manifesto do 21M: Decálogo pola Inclusión

Momentos musicais reivindicativos

Ademais das intervencións institucionais, o público do evento puido desfrutar coas estupendas actuacións de **Tanxugueiras** e da **Orquesta Cinema**, que non quixeron perder a oportunidade de conmemorar o Día Mundial da Síndrome de Down interpretando senllos temas reivindicativos. A través da súa canción "Desposorio", Tanxugueiras quixo destacar a liberdade da muller na sociedade actual, mentres que a Orquesta Cinema interpretou o tema "Quero ser coma ti", composto para a ocasión polo solista da banda, César Romero, e que visibiliza o orgullo das familias das persoas con discapacidade e louba a importancia da diversidade.

O manifesto deste 21M: Decálogo pola Inclusión

Pero o momento máis importante do acto chegou preto do final, cando dez persoas usuarias de entidades Down en Galicia alzaron a súa voz e reclamaron os seus dereitos en nome de todo o colectivo. A través do **Decálogo pola Inclusión**, as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais deixaron ben claro que queren unha atención temperá pública e de calidade, unha educación e un emprego inclusivo, un envellecemento activo cos recursos dos que dispoñen na súa comunidade e unha atención sanitaria igualitaria e respectada.

Pero, sobre todo, demandaron unha sociedade que respecte as súas decisións e que lles preste os apoios que precisan para levar a vida que elas mesmas elixan.

Uns premios Down Galicia moi especiais

Desde hai algúns anos, a Federación Down Galicia aproveita a conmemoración do 21M para entregar os Premios Down Galicia, que teñen por obxecto recoñecer o labor a prol da promoción da autonomía e igualdade das persoas coa síndrome de Down, realizado tanto por institucións e entidades como por persoas particulares.

Neste ano tan singular, a Federación decidiu entregar unicamente un **Premio Extraordinario**, que recaiu en todas as familias, profesionais e persoas usuarias do Movemento Down en Galicia, pola súa gran capacidade de adaptación e polo esforzo amosado durante a crise sanitaria derivada da pandemia da COVID-19. Grazas ao traballo e ás ganas de todas elas, as actividades das entidades Down puideron continuar levándose a cabo, evitando desta maneira un prexuízo maior que o propio confinamento para todas as persoas usuarias coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

O acto e o seu contido, sempre accesibles

Non todo foi inconvenientes na imposibilidade de poder realizar un acto físico no Día Mundial da Síndrome de Down. Co formato a través de internet calquera persoa do mundo puido seguir o evento, e a asistencia acadou **máis de 1.600 persoas**, multiplicando por cinco o público habitual. Ademais, o acto íntegro e os seus contidos están sempre accesibles na canle de YouTube de Down Galicia!

Vídeo homenaxe polo Premio Extraordinario

Acto virtual íntegro do 21M

A maiores do acto virtual conmemorativo, Down Galicia decidiu apostar por varias accións de visibilización simultáneas. Así, lanzou unha campaña de sensibilización en concellos, centros educativos e universidades baixo o lema “Tan diferentes como iguais”, coa que pretendeu poñer en valor o concepto da diferenza e visibilizar a idea de que ningunha persoa é igual a outra e que esa diferenza é a que nos enriquece como sociedade.

Accións locais para sensibilizar no Día Mundial

Diferentes accións de sensibilización e divulgación en diferentes cidades e vilas galegas para conmemorar o 21M. Así quixeron celebrar esta data tan importante varias das entidades que forman parte de Down Galicia.

En Pontevedra, a pé de rúa

Down Pontevedra Xuntos vestiu a cidade cunha acción de rúa. Paraugas azuis coa data emblemática do 21M despregáronse na vila en diferentes monumentos. Ademais, coa colaboración do Concello de Pontevedra, situou unha pancarta no balcón da Casa da Luz, desde o xoves 17 ao propio día, para concienciar á veciñanza.

Por outra banda, para achegarse ás crianzas, a asociación realizou o xoves 18 na Escola Infantil "El Grupo" un contacontos inclusivo. Ademais, tamén pediron colaboración a todos os concellos e centros educativos da súa área de influencia, para que nas súas páxinas web se fixesen eco desta data e acadar visibilidade.

Ourense, sensibilización no eido educativo

Na cidade das Burgas Down Ourense quixo incidir na sensibilización no eido educativo, realizando dúas xornadas en centros deste ámbito. Por unha lado, na Facultade de Educación da vila, da Universidade de Vigo, e por outro no IES O Couto. En ambas visitas, a intención foi explicar a realidade das persoas coa síndrome de Down.

Boletín especial en Vigo para pór en valor o seu labor

Down Vigo quixo salientar o traballo diario que hai máis alén do 21M. Por este motivo, editou un boletín especial da súa publicación mensual para explicar os pormenores dos servizos que realiza, destacar as campañas de sensibilización desta data e explicar á súa base social a adaptación que veñen realizando debido á pandemia da Covid-19.

Vídeo en formato Tik Tok para concienciar en Lugo

Desde Down Lugo, ademais de realizar un contacontos para sensibilizar ao alumnado dun centro escolar local, quixeron celebralo realizando un vídeo reivindicativo, cunha parte en formato Tik Tok, a rede social de moda. A idea xurdiu de Marcos, un mozo coa síndrome de Down da asociación, que quere “que todas as persoas saiban que somos uns máis e podemos facer moitas cousas”. Trátase duun vídeo divertido e plural no que colaboran usuari@s, familias, profesionais e voluntari@s.

PÁXINAS 13-14

A Casa da Luz de Pontevedra coa pancarta conmemorativa

A XUNTA APOIA O 21M ILUMINANDO COA CARIÑA DOWN OS MOMUMENTOS MÁIS EMBLEMÁTICOS DE GALICIA

O vicepresidente primeiro da Xunta, Alfonso Rueda, a conselleira de Política Social, Fabiola García, o presidente da Federación Down Galicia, Delmiro Prieto, e o presidente da Fundación Down Compostela, Juan Martínez, participaron o xoves 18 no acendido da Torre do Reloxo da Catedral de Santiago de Compostela, con motivo da conmemoración do Día Mundial da Síndrome de Down. Así, este monumento e outros emblemáticos de toda Galicia luciron a cariña representativa de todo o Movemento Down na comunidade desde ese día ata o 21.

Deste xeito, ás 20.30 horas e de xeito simultáneo, outros monumentos significativos galegos acenderon o emblema das entidades Down de Galicia, como a Torre de Hércules na Coruña, as Burgas en Ourense, a Catedral de Lugo ou o Convento de San Francisco en Pontevedra.

Delmiro Prieto González, presidente de Down Galicia, destacou a importancia do Día Mundial, que axuda a dar visibilidade á realidade do colectivo, á vez que serve para poñer sobre a mesa as principais reivindicacións. Así mesmo, quixo agradecer á Xunta a súa aposta pola concienciación, así como a súa colaboración na iluminación dos monumentos e na organización destes actos.

Actos simultáneos en toda Galicia

Representantes da administración autonómica e das entidades Down de Galicia participaron tamén nos actos de acendido dos monumentos nas outras seis principais cidades.

Así, a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, acompañou a Patricia Serantes, presidenta de Teima Down Ferrol, e a membros da corporativa municipal no acendido da fachada do Concello ferrolá; o delegado da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, estivo con Manuel Álvarez, vicepresidente de Down Coruña, na Torre de Hércules; Javier Arias, delegado territorial da Xunta en Lugo, e María José Blanco Freire, presidenta de Down Lugo, participaron no acendido da Catedral da cidade; o delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, acompañou a Gonzalo Pérez Jácome, alcalde da cidade, e a Sonia González, presidenta de Down Ourense, na iluminación das Burgas; Luis López, delegado territorial da Xunta en Pontevedra, estivo con Manuel Pérez, presidente de Down Pontevedra Xuntos, no Convento de San Francisco; e a delegada territorial da Xunta en Vigo, Marta Fernández-Tapias, e o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, Jesús Vázquez Almuíña, acompañaron aos representantes da xunta directiva de Down Vigo no acendido da iluminación da sede da Delegación Territorial na cidade olívica.

PÁXINAS 17-18

A Torre do Reloxo da Catedral de Compostela iluminada

Alumnado de 3º de E.P do CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo

ESPECIAL 21M

CALCETÍNS DESPARELLOS, UNHA ACCIÓN GLOBAL QUE RECUNCA EN GALICIA

Para conmemorar o Día Mundial da Síndrome de Down, Down Galicia sumouse un ano máis á iniciativa internacional dos calcetíns desparellos, que cada ano acolle máis popularidade.

Esta campaña busca concienciar e apostar pola importancia da inclusión e da diversidade. Deste xeito, preténdese poñer en valor o concepto da diferenza e dar visibilidade á idea de que ningunha persoa é igual a outra e que, precisamente, esa diferenza é a que nos enriquece como sociedade.

Por iso, a Federación quixo apoiar a iniciativa enchendo as redes sociais de calcetíns de todas as cores e estampados coas etiquetas #DíaMundialSindromeDown, #TanDiferentesComoIguais e #CalcetinsDesparellos.

A orixe, en Reino Unido hai 5 anos

Esta iniciativa ten a súa orixe no Reino Unido, onde Chloe Lennon, unha nena británica de 5 anos, publicou en 2018 un vídeo en redes sociais pedindo que, para conmemorar este día, todas as persoas levasen calcetíns distintos en cada pé. A súa proposta traspasou fronteiras e foi compartida por preto dun millón de persoas. Desde aquela, cada ano as redes reivindican diversidade a través destas prendas.

IMPLICACIÓN DE RENFE, CRTVG E TODOS OS XORNAIS GALEGOS

Un ano máis, Renfe, Televisión de Galicia, Radio Galega e os xornais impresos e dixitais do país quixeron implicarse na visibilización das persoas coa síndrome de Down co gallo do 21M.

Renfe e Down Galicia colaboran novamente. A operadora colocou máis de 2.000 repousacabezas da campaña "Tan diferentes como iguais", que a federación leva a cabo con motivo desta conmemoración, nos trens de Servizo Público de Galicia que circularán polo Corredor Atlántico durante este mes de marzo.

Pola súa parte, Televisión de Galicia e Radio Galega fixeron cobertura dos eventos realizados pola Federación e as súas entidades, presentaron en diversos programas a canción reivindicativa de César Romero e Orquesta Cinema que se estreou no evento do 21M, ademais de realizar tres entrevistas de sensibilidade.

Unha delas no magazine televisado *A Revista* centrada na realidade do colectivo no eido laboral, entrevistando a coruñesa Mónica Pastoriza, persoa coa síndrome de Down traballadora de Pizza Móvil e actriz amadora. As outras dúas foron realizadas ao presidente da organización, Delmiro Prieto, unha en radio e outra en TV, que falou das demanas actuais do Movemento Down de Galicia.

Finalmente, os 11 principais xornais galegos colaboraron tamén co Departamento de Comunicación de Down Galica para apoiar as súas campañas. Moitos deles publicaron un anuncio de sensibilización na súa versión impresa, mentres outros, coma Nós Diario ou Praza Pública realizaron cobertura sobre as demandas realizadas neste Día Mundial.

Detalle dos repousacabezas coa campaña de Down Galicia

Mateo, de Down Compostela, posa coa botella Down

ESPECIAL 21M

ÉXITO SOLIDARIO NA VENDA DA BOTELLA DOWN CON LA VOZ DE GALICIA

"Faite con esta botella e énchea de solidariedade". Este foi o lema co que as entidades Down de Galicia e La Voz de Galicia puxeron en venda unha botella eco-friendly con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down. Este produto ofreceu a todas aquelas persoas que o desexaron a oportunidade de colaborar de forma directa cos programas de inclusión e autonomía persoal que desenvolven as entidades Down en Galicia.

A botella, feita en aceiro inoxidable, presenta un deseño moi atractivo no que se inclúe o lema da campaña de Down Galicia para este Día Mundial, “Tan diferentes como iguais”.

Un ano máis, a Federación opta por sumar esforzos a favor doutra reivindicación mundial histórica, a de salvar o noso planeta. Por este motivo, Down Galicia pon á venda un produto sostible e respectuoso co medio ambiente.

Esta campaña pretende, principalmente, concienciar á sociedade e permitirlle aportar o seu gran de area para que as persoas coa síndrome de Down conten cos apoios necesarios e coas contornas adecuadas para levar unha vida autónoma, formando parte da súa comunidade.

Esta iniciativa solidaria é posible grazas á colaboración desinteresada de La Voz de Galicia, que doa a Down Galicia o beneficio íntegro das botellas vendidas co xornal.

PÁXINAS 23-24

AS PERSOAS COA SÍNDROME DE DOWN MAIORES DE 40 ANOS SERÁN VACINADAS NO VINDEIRO GRUPO, COAS PERSOAS DE 70

A Comisión de Saúde Pública anunciou este mes de marzo que as persoas coa síndrome de Down maiores de 40 anos serán incluídas como grupo de risco na Estratexia de Vacinación, polo que serán vacinadas xunto ao grupo de persoas de 70-79 anos, que será o seguinte tras o actual.

Este acordo recolle a petición realizada desde as entidades Down en España, que fora tamén exposta por outras institucións, como o CERMI ou a OMC-Organización Médica Colegial.

Down Galicia celebra e agradece esta medida que aliviará a preocupación de miles de familias e que recoñece a evidencia científica descuberta na investigación internacional levada a cabo pola Sociedade Científica de investigación da síndrome de Down T21rs. Dita investigación alertou, en poucos meses e grazas á participación de preto de 1000 familias de todo o mundo, sobre o factor de risco que supón o envellecemento precoz das persoas coa síndrome de Down fronte ao contaxio.

Por primeira vez, recoñécese nun documento oficial que as persoas coa síndrome de Down teñen un envellecemento precoz que se acentúa notablemente a partir dos 40 anos de idade, e equipáralles en termos de saúde ás persoas de 70-79 anos en relación ao COVID-19.

Trátase dun recoñecemento de gran importancia para o colectivo que probablemente contribuirá a avanzar en investigacións no devandito ámbito. A primeira das consecuencias do recoñecemento da mencionada evidencia científica é a inclusión das persoas coa síndrome de Down na Estratexia de vacinación.

Lembramos a importancia de que ademais da vacinación das persoas con síndrome de Down, especialmente das que se atopan en situación vulnerable, se proceda á vacinación dos seus familiares, de modo que a unidade familiar se atope nunha situación de maior protección.



Imaxe de arquivo de Teima Down Ferrol



Portada do libro "Os Bolechas - Xela celebra o seu aniversario"

DOWN GALICIA EDITA UN LIBRO DE OS BOLECHAS PARA FOMENTAR A INCLUSIÓN ENTRE A INFANCIA

"Xela celebra o seu aniversario" é o título do libro co que Down Galicia e as súas entidades membro pretenden concienciar ás xeracións máis novas do valor da inclusión e de vivir nunha sociedade diversa e non excluínte.

Creada por Pepe Carreiro e protagonizada polas personaxes de Os Bolechas, a historia preséntanos a Xela, unha rapaza coa síndrome de Down que estuda no seu mesmo colexio e coa que teñen unha gran amizade. Coa celebración do seu aniversario como fío condutor, o conto explica cunha linguaxe facilmente compresible que é a síndrome de Down e intenta combater ao mesmo tempo os mitos e prexuízos máis habituais sobre a trisomía.

A tirada inicial, financiada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, será distribuída a todos os centros educativos de atención infantil e primaria e ás bibliotecas públicas de Galicia cando a situación actual o permita.

Dar visibilidade á diversidade existente na sociedade, sobre todo nas idades máis temperás, contribuirá a crear un mundo máis tolerante e respectuoso, onde as diferenzas sexan valoradas e non se utilicen como pretexto para discriminar a ninguén. Desde o Movemento Down animamos ao profesorado galego a empregar este recurso nas súas aulas para traballar sobre a realidade das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

DOWN GALICIA REEDITA A SÚA 'GUÍA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL'

A Federación Down Galicia vén de publicar unha nova reedición da súa "Guía de Orientación Académica e Profesional para persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual", un completo documento no que aquelas persoas que o desexen poderán atopar información moi útil sobre as diferentes opcións existentes en Galicia en relación a estes dous eidos.

Esta guía foi creada co obxectivo de facilitar ás persoas pertencentes a este colectivo a busca dos mellores camiños e alternativas formativas e profesionais posibles, podendo tomar a continuación unha decisión de forma libre, reflexionada e responsable.

Neste sentido, o seu contido está encamiñado tanto a simplificar a elección dos itinerarios académicos, se o desexo é continuar no sistema educativo, como a facilitar a inserción laboral cando se da por terminada a formación.

A información preséntase dunha forma sinxela e está dividida ao redor de dous grandes bloques: as opcións de formación e as alternativas e modalidades de emprego que as persoas con discapacidade teñen á súa disposición. Deste xeito, esta guía contén referencias sobre as formas de acceso, as saídas profesionais, a duración ou as modalidades das diferentes opcións formativas e profesionais, así como unha serie de recursos dirixidos ao colectivo.

A importancia da orientación académica e profesional

Entre as dificultades máis relevantes coas que a miúdo se atopan familias e persoas con discapacidade intelectual á hora de elixir entre as diferentes alternativas formativas e profesionais, está a de non dispoñer dunha serie de criterios que lles axuden na toma de decisións e na configuración dun itinerario formativo e/ou laboral a seguir. De aí a importancia da orientación académica e profesional como unha das principais ferramentas facilitadoras de inserción socio-laboral e do traballo conxunto entre persoas con discapacidade, familias e servizos de orientación.



Foto de arquivo de Down Ourense

Imaxe de arquivo de Down Coruña

ADEUS AO COPAGO FARMACÉUTICO NOS MENORES CON DISCAPACIDADE

O pasado 1 de xaneiro entraba en vigor a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 cunha medida de gran impacto social: a exención de calquera achega da persoa usuaria -copagamento- na prestación farmacéutica para menores de 18 anos cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%.

Grazas a esta medida, preto de 155.000 persoas menores con discapacidade -segundo datos do Imserso- quedan exentas de realizar achegas económicas na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde.

O Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), que iniciou a reivindicación desta norma, sinalou a importancia da súa aprobación, pois supoñerá un alivio económico para miles de familias que teñen no seu seo a un menor de 18 anos con discapacidade e que se enfrontan a un sobrecusto que pode chegar ao 40% respecto das familias sen situacións de discapacidade.

Down Galicia tamén celebra a incorporación desta nova medida que beneficia a un sector da poboación que precisamente pola súa circunstancia, pode ser consumidor máis intenso de medicamentos, sobre todo no caso de persoas con síndrome de Down con algunha enfermidade crónica. Exoneralos de copagamento alixeirará o esforzo familiar, mellorando o acceso a produtos esenciais ou tratamentos relacionados ou non coa súa discapacidade.

DOWN GALICIA REIVINDICA O DEREITO A UNHA EDUCACIÓN INCLUSIVA NO DÍA INTERNACIONAL DA EDUCACIÓN

O 24 de xaneiro celebrouse en todo o mundo o Día Internacional da Educación, unha efeméride dedicada a recoñecer o papel fundamental deste proceso na creación de sociedades sostibles e evolucionadas. Down Galicia reivindicou nesta data a importancia da construción dun modelo educativo inclusivo baseado nos principios de calidade, equidade, flexibilidade e respecto á diversidade.

A evolución das nosas sociedades esíxenos dar un paso cara diante na defensa dos dereitos das persoas con discapacidade, para garantir a igualdade de oportunidades para o seu pleno desenvolvemento a través dunha educación inclusiva. Desde hai máis de 20 anos, na Federación Down Galicia cremos que o proceso de transformación educativa é ineludible e que non podemos obviar o camiño cara unha educación de carácter inclusivo.

A educación inclusiva implica cambios para dar resposta ao modelo social de apoio e atención ás persoas con discapacidade fronte ao modelo rehabilitador. As persoas con discapacidade non son a raíz do problema, senón que o son as diferentes barreiras coas que se atopan e as limitacións da propia sociedade para prestar servizos apropiados e para asegurar adecuadamente que as necesidades das persoas con discapacidade sexan tidas en conta dentro do sistema educativo.

O dereito a unha educación inclusiva

A Federación leva anos poñendo de manifesto que o sistema educativo español é discriminatorio coas persoas coa síndrome de Down e con outras discapacidades intelectuais e vulnera o asinado nos tratados internacionais.

Por este motivo, Down Galicia quere dar a benvida aos cambios recollidos na nova lei educativa (LOMLOE), e aos avances que supoñen os mesmos cara un sistema que respecte o principio de educación inclusiva, baseado na igualdade de oportunidades e a non discriminación das persoas por razón da súa discapacidade.

Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, indica que "é un primeiro paso" e destaca "que por fin se paralice a segregación e a exclusión contemplada na Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), xa que supoñía un retroceso irreversible nos avances conseguidos en materia de integración e inclusión escolar".

O dereito a unha educación inclusiva está avalado pola Convención Internacional da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, que no seu artigo 24 recoñece que "os Estados asegurarán un sistema de educación inclusivo a todos os niveis para as persoas con discapacidade". Esta Convención foi ratificada en 2008 e aprobada por unanimidade polo Parlamento e é de obrigado cumprimento en España ao ter rango de tratado xurídico internacional de Dereitos Humanos.

Foto de arquivo de Down Ourense

MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para lelas!

Down Ourense revalida o Selo ONG Acreditada outorgado pola Fundación Lealtad

A asociación, que actualmente beneficia a máis de 260 persoas, acaba de renovar o Selo ONG Acreditada que concede a Fundación Lealtad, tras contrastar que a entidade segue cumprindo integramente os 9 Principios de Transparencia e Boas Prácticas.

Down Lugo adapta as súas xornadas de ocio organizando quedadas online

Que non se pode? Pois búscase unha alternativa! Iso foi o que pensaron as persoas usuarias de Down Lugo, que non quixeron que as restricións sanitarias as limitase á hora de gozar do seu tempo libre. Por iso, a asociación decidiu adaptarse e reinventar as súas sesións de ocio.

Down Vigo participa no Campus Oportunidades para a Inclusión 2021 de Down España

A asociación participa por segundo ano consecutivo no Campus Oportunidades para a Inclusión, de Down España. O proxecto baséase en accións formativas para que as persoas adquiran ou completen as súas competencias a través da colaboración con estudantes universitarios.

SÉGUENOS!

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

SUBSCRÍBETE!

Recibe a Revista Down Galicia no teu correo!

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo comunicacion@downgalicia.org.

Consulta a nosa política de privacidade

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL



DOWN Galicia

Marzo ten outro día con moito que reivindicar, o 8M / Down Vigo